



FORMALIZACIÓN DE CONTRATO EN DOCUMENTO ADMINISTRATIVO
SUBSTITUCIÓN COLECTOR DE PLUVIAIS NA AVDA. SALVADOR
ALLENDE

Dunha parte, don ÁNGEL GARCÍA SEOANE, Alcalde-Presidente do Concello de Oleiros, en representación legal do mesmo que lle outorga o art. 21 da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o Real Decreto Lexislativo 781/86 do 18 de abril.

E doutra D. LUIS MIGUEL TAIBO LAMAS, maior de idade, co DNI nº 76366561-Y, actuando en nome e representación de "CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L." co CIF nº B-15072713 e enderezo na Coruña – Avda. de Finisterre nº 267 CP15008.

D. Luis Miguel Taibo Lamas manifesta que ten vixente a Escritura de Poder Especial formalizada o día 21 de decembro de 2006 diante da Notario do Ilustre Colexio de Galicia, Dª María Mercedes Bermejo Pumar, co nº de protocolo 2.645; ca cal actúa en representación de "Construcciones López Cao, S.L." e que esta inscrita no Rexistro Mercantil.

Ámbalas dúas partes recoñecen competencia e capacidade legal suficientes para formalizar o presente contrato denominado "SUBSTITUCIÓN COLECTOR DE PLUVIAIS NA AVDA. SALVADOR ALLENDE", que conta cos seguintes

ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

I. EXPEDIENTE

Polo departamento de Obras Públicas emitíuse proposta para a contratación da prestación de obra denominada "SUBSTITUCIÓN COLECTOR DE PLUVIAIS NA AVDA. SALVADOR ALLENDE", indicando que cómpre contratar unha empresa que dea resposta á necesidade de acometer as actuacións necesarias para proceder ao á substitución do colector de pluviais no tramo comprendido entre os números 45 e 49 da Avda. Salvador Allende, instalando unhas novas tubaxes coa pendente adecuada.

Posto que o Concello de Oleiros carece de medios propios, e que existindo empresas dedicadas profesionalmente a estas tarefas, considérase axeitado pór en marcha esta obra a través da contratación de empresas con solvencia suficiente na materia.

Así, pola Concelleira delegada de Contratación emitíuse Providencia instando á incoación do procedemento para a contratación desta obra por medio de procedemento aberto, utilizando para a selección do contratista unha pluralidade de criterios de adxudicación.

Logo da emisión do correspondente informe xurídico así como do informe da Intervención Municipal sobre consignación orzamentaria, por Resolución da Primeira Tenente de Alcalde nº





2024004509, de 22 de agosto, aprobouse o expediente administrativo para a licitación do contrato "SUBSTITUCIÓN COLECTOR DE PLUVIAIS NA AVDA. SALVADOR ALLENDE", por medio de procedemento aberto.

O orzamento da licitación é de 39.195,86 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (8.231,13 €), o que supón un importe de 47.426,99 € IVE engadido. O prazo de execución do referido contrato é de catro (4) semanas, sen posibilidade de prórrogas, tal e como se establece nos pregos de cláusulas técnicas do contrato. O valor estimado ascende a 43.115,45 €.

Non se procedeu á división por lotes, por darse as circunstancias fixadas no art. 99.3.b) LCSP.

Así mesmo, tamén se aprobaron tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o prego de prescricións técnicas que regularán esta licitación.

II. FINANCIACIÓN

O certificado de existencia de crédito e a fiscalización da Intervención foi realizada con data de 22 de agosto de 2024. O contrato finánciase con cargo á aplicación orzamentaria 60.160.61900.

Practicada a correspondente retención de crédito, por Resolución da Primeira Tenente de Alcalde nº 2024004509, de 22 de agosto, autorizouse o gasto correspondente.

Autorizado o gasto, por Resolución da Primeira Tenente de Alcaldía nº 2024005445, de 17 de outubro, dispúxose o gasto polos seguintes importes:

ANUALIDADES	APLICACIÓN	OPERACIÓN	IMPORTE
2024	60.160.61900	202400029109	46.948,00 €

III. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

1. Procedemento de adxudicación. A licitación tivo lugar mediante procedemento aberto ordinario, aplicando para a selección do contratista diversidade de criterios, de conformidade co establecido no artigo 156 da LCSP.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 23 de agosto do 2024.

2. Proposta de adxudicación: Mediante acordo da Mesa de Contratación, en sesión que tivo lugar o día 26 de setembro de 2024, propónse a adxudicación do contrato de obra denominado "SUBSTITUCIÓN COLECTOR DE PLUVIAIS NA AVDA. SALVADOR ALLENDE" á empresa CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L., con CIF núm. B15072713 polo importe de 38.800,00 € (sen IVE); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación.





CONCELLO DE
OLEIROS

> **SECRETARÍA XERAL**
Contratación e Patrimonio
FORMALIZACIÓN DE CONTRATO EN DOCUMENTO ADMINISTRATIVO
2024/CONTRAT/000095

O adxudicatario achegou os documentos necesarios para a adxudicación do presente contrato, esixidos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, constituíndo, con data o día 11 de outubro de 2024, a garantía definitiva polo importe de 1.940,00 euros, mediante aval bancario co nº 10001288778 da entidade "BANCO SABADELL", figurando o xustificante no expediente.

3. Adxudicación: Por Resolución da Primeira Tenente de Alcaldía nº 2024005445, de 17 de outubro, procedeuse á adxudicación deste contrato, o cal foi notificado aos licitadores e feito público no perfil de contratante desta entidade o día 17 de outubro de 2024.

Así, mediante este acordo, o Sr. Alcalde do Concello, como órgano de contratación, adxudicou á empresa CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L, co domicilio social en Avenida Fisterra, 267 (15008- A Coruña) e CIF nº B15072713, o contrato de obra denominado "SUBSTITUCIÓN COLECTOR DE PLUVIAIS NA AVDA. SALVADOR ALLENDE"; polo importe de 38.800,00 € (sen IVE), ao que se lle engade un 21% de IVE (8.148,00€), o que suma un importe total de 46.948,00 €.

O prazo de execución do referido contrato é de catro (4) semanas, sen posibilidade de prórrogas, tal e como se establece nos pregos de cláusulas técnicas do contrato.

E convindo a ámbalas dúas partes, en calidade de adxudicador e adxudicatario, o presente contrato de servizos, formalízano en documento administrativo, con arranxo ás seguintes:

CLÁUSULAS DO CONTRATO

PRIMEIRA.- A empresa CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L, co domicilio social en Avenida Fisterra, 267 (15008- A Coruña) e CIF nº B15072713, comprométese á execución da obra denominada "SUBSTITUCIÓN COLECTOR DE PLUVIAIS NA AVDA. SALVADOR ALLENDE", con estrita suxeición ao prego de cláusulas administrativas particulares e ao prego de prescricións técnicas reguladores desta licitación, documentos contractuais que acepta plenamente e do que deixa constancia asinando neste acto a súa conformidade.

SEGUNDA.- O importe de adxudicación é de 38.800,00 € (sen IVE), ao que se lle engade un 21% de IVE (8.148,00€), o que suma un importe total de 46.948,00 €.

TERCEIRA.- O prazo de execución do referido contrato é de catro (4) semanas, sen posibilidade de prórrogas, tal e como se establece nos pregos de cláusulas técnicas do contrato. O importe aboarase consonte ao establecido no PCAP. Este prazo comezará a computarse a partir do día seguinte ao da sinatura da Acta de Implantación, agás que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

Para os efectos de levar a cabo o seguimento da execución do contrato queda designado como técnico responsable do mesmo, José Luis Jares Vázquez, Arquitecto Técnico Municipal do Concello de Oleiros.





O contratista adxudicatario deberá executa-los traballos obxecto deste contrato do xeito descrito no prego de cláusulas administrativas particulares e no prego de prescricións técnicas reguladores desta licitación, e de conformidade coa oferta presentada.

CUARTA.- O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realice, de acordo cos termos deste e a satisfacción do Concello de Oleiros, a totalidade do seu obxecto. A constatación do seu cumprimento esixirá que o Concello adopte un acto formal e positivo de recepción ou conformidade dentro do mes seguinte á realización do obxecto do contrato, de acordo co artigo 210 da LCSP. O prazo de garantía terá unha duración de cinco (5) anos, contados desde a sinatura da acta de Conformidade dos traballos.

QUINTA.- Para responder do cumprimento deste contrato, a empresa "CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L" constituíu , con data o día 11 de outubro de 2024, a garantía definitiva polo importe de 1.940,00 euros, mediante aval bancario co nº 10001288778 da entidade "BANCO SABADELL".

SEXTA.- De conformidade co cadro-resumo do prego de cláusulas administrativas particulares, non procede a revisión de prezos neste contrato.

SÉTIMA.- A empresa "CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L", con CIF nº B15072713 queda vinculada tanto pola oferta económica presentada como pola súa oferta técnica. Así, faise constar que, de conformidade coa oferta presentada :

- a) Comprométese a adscribir os medios materiais e persoais mínimos requiridos no PCAP.
- b) Ofrece un incremento de CATRO (4) anos sobre o prazo legal de garantía a maiores do primeiro ano obrigatorio.
- c) Oferta a redacción e presentación do Plan de Seguridade e Saúde ó Servizo de Coordinación de Seguridade e Saúde no prazo de unha (1) semana.
- d) Oferta a substitución de 10 pozos de rexistro prefabricados por outros de formigón en masa executados "in situ" (de maior durabilidade) con formigón tipo HM30/B/12/ IV+Qb, de central, das mesmas dimensións que os definidos no proxecto.
- e) Oferta un incremento de espesor da soleira de formigón proxectada como reforzo da canalización (para un maior reforzo e protección desta), pasando dos 15 cm. de proxecto aos 40 cm., executada segundo as características técnicas definidas no proxecto (formigón HA-25, tamaño máximo do árido 40 mm, incluso vertido, vibrado e fratasado).
- f) Oferta a subministración e posta en obra, cos medios adecuados para elo, dunha capa intermedia, de 6 cm. de espesor, de formigón bituminoso (M.B.Q.) con árido calizo tipo AC-22 BIN 50/70 S, con áridos con desgaste dos anhos <25, estendida e compactada, incluído rego asfáltico, filler de achega e betume, como mellora da reposición dos pavimentos afectados polas obras (capa de rodadura).

En relación coa coordinación de seguridade e saúde desta obra e a asistencia para o control de calidade da mesma, executaranse e financiaranse con cargo aos seguintes contratos:





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL

Contratación e Patrimonio

FORMALIZACIÓN DE CONTRATO EN DOCUMENTO ADMINISTRATIVO
2024/CONTRAT/000095

CONCEPTO	EXPEDIENTE	ENTIDADE FINANCIADORA
ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN FACULTATIVA PARA O CONTROL DE CALIDADE DAS OBRAS DE 2022, 2023 E 2024	2021/CONTRAT/000139 2021/EGOBR/000077	CONCELLO DE OLEIROS (1.152,82 € IVE incl.)
SERVIZO COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DURANTE A EXECUCIÓN DAS OBRAS DOS EXERCICIOS ORZAMENTARIOS DOS ANOS 2022, 2023 E 2024	2021/CONTRAT/000147 2021/EGOBR/000078	CONCELLO DE OLEIROS (237,15 € IVE incl.)

OITAVA.- De acordo ao establecido no prego de cláusulas administrativas particulares, relativo as condicións especiais de execución do contrato, a contratista adxudicataria comprométese a cumprir, durante a execución do contrato, as condicións establecidas:

- Dar cumprimento ás obrigas legais en relación coa garantía da seguridade e saúde no lugar de traballo. O plan de seguridade e saúde entregarase antes da finalización do contrato ao responsable do mesmo.

O seu incumprimento dará lugar as penalidades establecidas no prego de cláusulas administrativas particulares.

NOVENA.- Dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na LCSP, a Administración ostenta a prerrogativa de interpretar este contrato, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta. Os acordos correspondentes, adoptados previa audiencia do contratista, poñerán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos, e contra dos mesmos haberá lugar a recurso contencioso-administrativo conforme ao disposto na Lei reguladora da devandita xurisdición.

A preparación, adxudicación, efectos e extinción deste contrato rexeráse polo establecido no prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas; e para o non previsto neles, será de aplicación a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas en todo o que non se opoña ao RDL 3/2011, do 14 de novembro e estea vixente tras a entrada en vigor do Real decreto 817/2009; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

O descoñecemento do contrato administrativo en calquera dos seus termos, dos documentos anexos a este ou das instrucións, pregos ou normas de calquera índole ditados pola Administración que poidan ter aplicación directa na execución do pactado, non eximirá ao adxudicatario da obrigaón do seu cumprimento.

DÉCIMA.- O Sr. Alcalde-Presidente do Concello advirte ao contratista do deber de cumprir coas disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de Seguridade e Saúde no traballo, disposicións que estivesen vixentes ou que puidesen promulgarse durante a execución do contrato.

Así mesmo, o contratista deberá de observar os deberes relativos á fiscalidade, á protección do medio ambiente e ás disposicións vixentes en materia de protección do emprego, condicións de traballo e prevención de riscos laborais.

Do mesmo xeito, o contratista deberá observar as disposicións vixentes en materia de igualdade





CONCELLO DE
OLEIROS

> **SECRETARÍA XERAL**
Contratación e Patrimonio
FORMALIZACIÓN DE CONTRATO EN DOCUMENTO ADMINISTRATIVO
2024/CONTRAT/000095

de xénero e conciliación da vida familiar e persoal, adoptando todas as medidas necesarias para a súa efectividade.

En proba e testemuña, de conformidade con este documento, asinan ámbalas dúas partes, na data que figura no pé das sinaturas, e sendo a data do contrato a da última sinatura.

***O Alcalde - Presidente do Concello
de Oleiros,***

***O representante da empresa
“CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L
(B15072713)”***

Don Ángel García Seoane

D. Luis Miguel Taibo Lamas

